



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE A FLORIDA

Rúa Ricardo Santos, 16. 36960 - Sanxenxo

Tel.: 886.151.645 - Fax: 886.151.650

E-mail: ceip.aflorida@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida



PROXECTO LINGÜÍSTICO

C.E.I.P. PLURILINGÜE A FLORIDA
(Sanxenxo)

Revisado e aprobado en xuño de 2025

ÍNDICE:

- 1. Introducción**
- 2. Lingua en que se impartirán as materias de educación primaria**
- 3. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo**
 - 3.1. Medidas curriculares**
 - 3.2. Medidas extra curriculares**
- 4. Criterios para determinar a lingua predominante do contorno**
- 5. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan**
- 6. Medidas tendentes á impartición dun currículo integrado de linguas. contribución ao desenvolvemento da competencia comunicativa plurilingüe**
 - 6.1 Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas**
 - 6.2 Tratamento que se lle dará aos contidos e criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas**
- 7. Programas específicos de atención aos ACNEAE**
- 8. Obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega**
- 9. Seguimento e valoración do proxecto lingüístico**
- 10. Exencións**

Addenda ao proxecto lingüístico

Relación de libros de texto e material didáctico para o curso

1. INTRODUCCIÓN

Este proxecto lingüístico nace coa idea de acadar como obxectivo final conseguir que o alumnado ao remate das sucesivas etapas educativas, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

Teremos en conta a Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983 do 15 de xuño, DOG 14 de xullo de 1983), a LOMCE, no que afecta ao fomento do plurilingüismo, o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG do 29 de xuño de 2007) e o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25 de maio de 2010).

2. LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

En aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, garantirase por principio o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.

Tamén procurarase a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira (inglés), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo.

Na etapa de **educación infantil**, o profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado, e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial.

A lingua materna predominante determinouse co resultado dunha pregunta efectuada aos pais, nais, titores/as ou representantes legais dos alumnos/as no mes de xuño acerca da lingua materna dos nenos/as.

O resultado desta pregunta foi:

- 19 familias consultadas
- 2 enquisas non devoltas

Das 19 restantes:

- 2 familias elixen a lingua galega
- 1 familias elixen árabe
- 16 familias elixen castelán

Nesta etapa o alumnado comeza co coñecemento da lingua inglesa. Conta para iso con dúas sesións semanais de 20 minutos de duración.

Determinase, de acordo coa normativa a lingua predominante do alumnado desta etapa,

lingua que aparece na addenda. O profesorado usa na aula esta lingua predominante entre o alumnado, pero aténdose de xeito individualizado, tendo en conta sempre a súa lingua materna.

Trátase, nos límites da etapa de educación infantil, que o alumnado adquira ao final do ciclo, de forma oral e escrita a competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia.

En **educación primaria**, seguindo o artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio:

- As áreas de lingua impartiranse no idioma de referencia: Lingua Galega, Lingua Castelán e Lingua Inglesa.
- Impartirase en galego a área de Ciencias da natureza e Ciencias Sociais.
- Impartirase en castelán a área de Matemáticas.

A lingua na que se imparte o resto das áreas decidirase cada catro anos co fin de garantir que as áreas en galego e castelán contasen cun porcentaxe similar de horas semanais, tal como di o decreto de plurilingüismo anteriormente mencionado.


Nos diferentes niveis apreciarase que a porcentaxe varía debido á diferente carga lectiva dalgunhas materias nos diferentes ciclos ou niveis.

Trátase, no senso que marca o Decreto de Plurilingüismo, que ao remate da etapa de educación primaria o alumnado teña competencia, oral e escrita, nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo ao que establece o currículo.

O reparto queda como segue:

DISTRIBUCIÓN HORARIA PROXECTO LINGÜÍSTICO CURSO 2023/2024

ÁREA/CURSO	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Lengua Castellana y Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Relixión/Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
Educación en Valores Cívicos e Éticos						1
Total horas L. Galega	11	11	10	10	10	10
Total horas L. Castellana	11	11	11	11	11	11
TOTAIS	25	25	25	25	25	25



L. Galega



L. Castellana

3. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO.

Debemos ter claro o que pretendemos conseguir:

Que, independentemente de que a súa lingua familiar sexa maioritariamente o castelán, o noso alumnado faga un uso habitual do galego.

Todas as medidas que imos propoñer queremos que estean encamiñadas a este fin.

En **Educación infantil** o coñecemento da lingua galega pode chegar a ser mínimo, polo escaso grao de presenza da mesma no seu ámbito familiar e social. Precisamos motivar ao alumnado para aprender esta lingua.

Se hai máis dun profesor/a traballando co mesmo alumnado, cando menos un deles empregará o galego como lingua de docencia, para servir de referente ao alumnado e que así se sinta motivado a interactuar con esa persoas en galego.

Nesta etapa é esencial a dimensión oral da lingua., cuxa consolidación é necesaria, ademais, para iniciar logo o proceso de lectoescritura. Por iso lle prestamos unha atención especial, desenvolvendo actividades variadas, tanto individuais como grupais. Desde o comezo de curso, os nenos e nenas escoitan abundantes mensaxes orais en galego por parte do profesorado.

Por outra banda, as actividades relacionadas coa lectoescritura comézanse facendo en castelán, para logo ir desenvolvéndose paralelamente en galego, só cun mínimo desfase temporal.

Se algúns alumnos, neste contexto castelán falante, se expresan en galego, coidamos que o manteñan porque así serven de axuda útil ao profesorado á hora de realizar as actividades colectivas en galego.

Valoramos e loamos publicamente os avances que os nenos e nenas castelán falantes van facendo na utilización do galego. Así mesmo fomentamos a utilización do galego en actividades de carácter creativo:

- Realización de contos.
- Banda deseñada.
- Funcións teatrais.
- Gravacións sonoras e audiovisuais.

Educación primaria.

Nun contexto como o noso, castelán falante, precisamos de profesorado galego falante que sirva de “modelo de referencia para o alumnado”. Os nenos/as tenden a utiliza-lo

galego con aqueles mestres que o teñen como lingua habitual. Un mestre galego falante é un polo motivador para que os alumnos/as exerciten a súa competencia en galego.

Nos niveis de 1º e 2º préstase unha atención prioritaria á adquisición dunha boa competencia oral, tanto en castelán coma en galego. As competencias ligadas á lectoescritura, que se completan e consolidan tamén nestes niveis, procuramos que leven unha evolución paralela, xa que é moi doada a transferencia das aprendizaxes dun a outro código.

Outros aspectos que temos en conta nesta etapa son:

- A utilización de material didáctico de calidade nesta lingua.
- Utilización sistemática do galego nas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, tales como:
 - Traballo escolar con ordenadores
 - Emprego do galego nas actividades que se realizan no centro e non só nas estritamente escolares senón tamén nas extraescolares

3.1. Medidas curriculares.

- O alumnado con necesidades educativas específicas traballará cos/as mestres/as de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe na potenciación da comprensión e expresión oral e escrita e no correcto uso das dúas linguas.
- De ser necesarios, realizaranse desdobres ou agrupamentos flexibles para unha mellor atención do alumnado nas dúas linguas.

3.2. Medidas extra curriculares.

- O EDL propondrá e organizará as diferentes actividades para a difusión, promoción e mellora da competencia lingüística en galego.

4. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO.

Como o punto de chegada xa ven dado pola lexislación, é moi importante definir co maior detalle posible cal é o noso punto de partida.

Para a definición do contorno incluiremos tanto o contorno físico e social coma os axentes esenciais do proceso educativo: profesorado e alumnado.

Utilizaremos para elo catro índices:

- I 1. O contexto sociolingüístico do centro.
- I 2. A situación do profesorado.
- I 3. A situación do alumnado.

I 4. A ambientalidade lingüística do centro.

Tras obter os catro índices anteriores estaremos en disposición de obter un índice que, a xeito de síntese, nos permita coñecer como é globalmente, desde o punto de vista sociolóxico o contorno do centro. A este índice de síntese chamáremoslle indicador global (IG) Para concretar a valoración utilizaremos unha escala que vai do 1 ao 5. O valor IG=1 representaría un contorno castelán falante e o valor IG=5 representaría un contorno galego falante.

Tras pasar unha enquisa no mes de setembro aos diferentes sectores da comunidade educativa (pais/nais, mestres e alumnado) e analizado o resultado da mesma, podemos dicir que no noso centro temos como situación de partida a seguinte:

I 1= 3,1

I 2= 2,86


I 3= 1,78



I 4= 3

IG= 2,68

Falamos pois dun contorno con predominio do castelán.

Os resultados da enquisa pasada aos pais de educación infantil e 1º e 2º ciclo de primaria, así como a o alumnado de 5º e 6º ofrécenos os seguintes resultados:





5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN.

Cando se produza a chegada ao centro de alumnado procedente do estranxeiro ou cun dominio tan precario das linguas vehiculares que impida o aproveitamento mínimo nas áreas curriculares, articularanse as medidas necesarias para a adquisición previa mínima da competencia lingüística.

O primeiro paso é a creación dun grupo de acollida para o alumnado e as familias, sendo o primeiro contacto da familia co centro, a través do Equipo Directivo, cando se achega ao centro a solicitar praza para o seu fillo, e na cal, se solicitará á familia a información inicial sobre o alumnado e o seu entorno próximo, pasando de seguido a ser derivado ao DO, poñendo en coñecemento da XDO a nova incorporación do alumno para de seguido e en colaboración cos/as mestres/as de apoio (especialistas en PT e AL) e xunto co titor/a do novo alumno, realizar a avaliación inicial do alumno/a. O obxectivo a desenvolver neste grupo é levar a cabo unha acollida lingüística-cultural que permita a inmersión plena do/a alumno/a e a súa familia na vida do centro e da comunidade.

Se o alumnado procedente do estranxeiro se desenvolve nalgunha das linguas

estranxeiras das cales existen especialistas no centro (inglés ou francés) , estes mestres especialistas formarán parte dito grupo de acollida coa finalidade de facilitar a comunicación entre todos os membros do grupo. De non haber compatibilidade coas linguas faladas polos membros do grupo de acollida, será preciso solicitar axudas externas, e as mesmas serán canalizadas a través da XDO e do D.O.

O período de actuación deste grupo de acollida será aproximadamente dunha semana e as horas de actuación formarán parte da xornada escolar (en todo caso, dito período deberá ser inferior a un mes; de ser, por algún motivo, superior, deberase flexibilizar o horario de actuación do grupo).

Ademais da creación do grupo de acollida, levaranse a cabo as seguintes accións:

- No primeiro trimestre, incorporación ao agrupamento específico para adquisición dunha das linguas oficiais da comunidade, e sendo este centro, a lingua dominante entre o alumnado e as súas familias , o castelá, será o castelá a segunda lingua a empregar co alumno/a. Esta medida será de aplicación flexible, pasándose a aplicar como L2 o galego, cando a lingua de orixe do alumno asemelle mais ao galego (portugués, brasileiro..)
- Permanencia co profesor de PT o número de horas semanais necesarias de reforzo.
- Maior potenciación por parte do Titor ou Titora, se cabe, do contacto coas familias.

6. MEDIDAS TENDENTES Á IMPARTICIÓN DUN CURRÍCULO INTEGRADO DE LÍNGUAS. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA COMUNICATIVA PLURILINGÜE

6.1 Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.

Farase un tratamento integrado das linguas, evitando a repetición de contidos referentes ás estratexias de lectura e ao proceso de escritura.

Teranse en conta as seguintes estratexias metodolóxicas para desenvolver cada un dos bloques das áreas lingüísticas:

- Comunicación oral:
 - Asembleas.
 - Postas en común.
 - Exposicións orais.
 - Entrevistas.

- Exposición de vivencias propias e alleas.
- Debates.
- Dramatización de situacións cotiás.
- escoitar.
- Ler:
 - Lectura silenciosa e en voz alta individualmente e en pequeno e gran grupo.
 - Fomento da afección pola lectura.
 - Lectura de textos tendo en conta as capacidades e idades dos alumnos.
 - Lectura comprensiva.
 - Ler para obter información, para aprender a lingua e por pracer.
- Escribir:
 - Planificación do escrito.
 - Redacción.
 - Revisión de borradores ata producir o texto definitivo.
 - Coidado da ortografía, caligrafía e presentación do escrito.
 - Revisión entre iguais dos escritos.
 - Partir do afianzamento de expresión oral.
 - Producción de textos de diferente tipoloxía atendendo á mensaxe e á intención comunicativa.
- Coñecemento da lingua:
 - Uso reflexivo das linguas.
 - Comparación de aspectos lingüísticos e culturais das linguas.
 - Coñecemento do léxico gramaticais e ortográficas para o uso adecuado das linguas.
 - Aprendizaxe funcional e significativo das linguas.
- Educación literaria:
 - Fomento da produción de textos persoais con intención literaria a través da proposta de tarefas lúdicas e creativas.
 - Facer dos alumnos lectores competentes, alternar a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos coa de textos literarios que acheguen o coñecemento básico das linguas.

6.2 Tratamento que se lle dará aos contidos e criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas.

Os contidos a traballar terán relación entre sí. Se, por exemplo, estamos a traballar a descrición, tratarase de adecuar e coordinar as actividades nas tres linguas á vez. Para iso teremos en conta os seguintes aspectos:

- O/a mestre titor reunirse cos especialistas para unificar criterios no momento de elaboración das programacións didácticas, tendo en conta o establecido no currículo oficial.

- Procurarase traballar os contidos nunha mesma liña, coas particularidades propias de cada área, procurando non solapar e unificando vocabulario.

Empregaranse diferentes medios (TICS, audiovisuais...) para superar os criterios de avaliación.

7. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AOS ACNEAE.

As medidas que tomaremos para darlle atención aos ACNEAE serán de carácter organizativo e curricular.

En primeiro lugar, será o mestre/a titor/a quen a través da avaliación inicial e continua identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas correspondentes para subsanalas.

Se a valoración desas necesidades excede o ámbito titorial, recurrirase ao Departamento de Orientación, que levará a cabo a avaliación psicopedagóxica regulada na Orde 31 de outubro de 1996.

A partires dos resultados desta avaliación organizaranse os apoios e reforzos necesarios.

Atención individualizada nas clases das materias impartidas nas linguas, reforzo educativo por parte do mestre que imparte a materia, apoio dentro da aula por parte de mestres con horas dispoñibles e apoio dentro ou fóra da aula por parte dos especialistas de Pedagogía Terapéutica ou Audición e linguaxe.

Propoñemos tamén como recurso humano a figura do “alumno dinamizador intermediario”, que se encargará de axudar aos propios compañeiros con máis dificultade de expresión, previo acordo sobre a función destas persoas e os seus beneficios.

Outra medida a ter en conta será a adaptación de material ás necesidades do alumnado, simplificando as tarefas ou empregando outros tipos de linguaxe (pictogramas, imaxes...) para apoiar aprendizaxe.

Si as NEAE así o requiren, o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda e terceira lingua, previa valoración de cada caso.

Implicarase ao equipo de Dinamización de TICs para colaborar na elaboración de material informático en lingua galega e lingua inglesa.

Terase en conta en todo momento o establecido no noso Plan Xeral de Atención á Diversidade.

8. OBXECTIVOS XERAIS E AS LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

O EDL presenta como obxectivos primordiais:

- Promover accións para que o alumnado manteña e consolide a súa competencia en galego.
- Promover accións para que o alumnado que veña de fóra, adquira un dominio axeitado do galego.
- Promover que o alumnado nas actividades complementarias, extraescolares e horas de lecer comece a usar o galego como lingua de comunicación.

E propón como liñas fundamentais de actuación:

Referidas ao alumnado:

- Facilitar e motivar a participación do alumnado, sobre todo do que manifeste dificultades, nas actividades de dinamización programadas.
- Dotar de bibliografía axeitada a biblioteca e o EDL para que poidan os alumnos empregalos nas súas actividades.
- Adquisición do material necesario para o desenvolvemento das actividades de dinamización programadas.
- Fomentar a través de xogos e doutras actividades lúdicas o uso do galego en actividades informais do alumnado.
- Poñer ao alumnado en contacto coa realidade social do país mediante visitas

didácticas e outras actividades.

- Creación e representación de obras de teatro.
- Presentación, empregando as TIC de distintos traballos.
- Fomentar o hábito lector mediante a lectura de textos en galego.

Referidas ao profesorado:

- Facilitarlle o material didáctico necesario en galego referente á súa área e o que precisen para a súa formación en galego.
- Asesóralos para que tódolos avisos, notas, comunicados escritos os fagan en galego.
- Poñer o fondo editorial que se adquira a súa disposición.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego.
- Implícalo nas actividades de dinamización do EDL.

Referidas ao Centro:

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.
- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa.
- Uso da lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais e outras actividades.
- Editar en galego a revista escolar.

9. SEGUIMIENTO E VALORACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Con carácter trimestral, como mínimo, farase o seguimento e a avaliación da marcha do proxecto lingüístico nas reunións de ciclo e na CCP.

Deste proceso levantarase acta das conclusións acadadas.

- As programacións das materias de lingua en cada un dos ciclo están redactadas na lingua respectiva.

Cada programación, en educación infantil e en educación primaria, inclúe as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira de forma oral e escrita as dúas linguas oficiais, así como os

procedementos de control que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

Os titores e profesorado de linguas coordinarán a súa actividade para lograr transferencias nos usos das linguas que potencien a competencia lingüística.

10. EXENCIONES.

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 5º ou 6º de educación primaria procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha **exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega** durante un máximo de dous cursos escolares.

As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO..

- Neste curso escolar, a **lingua materna** predominante do **alumnado de nova incorporación en Educación Infantil** é o castelán. Das 19 familias consultadas, 17 elixiron este idioma.

- Este seguimos co Programa de Plurilingüísimo en todos os cursos de Primaria na área de Ed. Artística (plástica)

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO PARA O CURSO

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2025/2026					
Código de centro: 36008866		Denominación do centro: CEIP PLURILINGÜE A FLORIDA			
Enderezo: Rúa Ricardo Santos, 16		Concello: SANXENXO		Provincia: Pontevedra	
Correo electrónico: ceip.aflorida@edu.xunta.gal		Web: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida/		Teléfono: 886151645	
Curso Etapa	Área Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición	PGLT *
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL					
4º E.I.		Descubrimiento comunicativo y literario 3 años. Ed. Espiral.	978-84-307-0307-4	Castolán	N
4º E.I.		Matemáticas 3 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 1. Ed. SM.	978-84-105-5016-2	Castolán	N
4º E.I.		Matemáticas 3 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 2. Ed. SM.	978-84-105-5017-9	Castolán	N
4º E.I.		Proyecto Nivel 1: ¡ Cuántas emociones! . Ed. Anaya.	978-84-143-3735-6	Castolán	N
4º E.I.		Proyecto Nivel 1: ¡ Experimentos con el agua! . Ed. Anaya.	978-84-143-3771-4	Castolán	N
4º E.I.		Proyecto Nivel 1: ¡ Descubro el universo! . Ed. Anaya.	978-84-143-3753-0	Castolán	N
5º DE EDUCACIÓN INFANTIL					
5º E.I.		Descubrimiento comunicativo y literario 4 años. Ed. Espiral.	978-84-307-0341-8	Castolán	N
5º E.I.		Matemáticas 4 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 3. Ed. SM.	978-84-105-5018-6	Castolán	N
5º E.I.		Matemáticas 4 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 4. Ed. SM.	978-84-105-5019-3	Castolán	N
5º E.I.		Matemáticas 4 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 5. Ed. SM.	978-84-105-5020-9	Castolán	N
5º E.I.		Proyecto Nivel 2: ¡ Cuántas emociones! . Ed. Anaya.	978-84-143-3736-3	Castolán	N
5º E.I.		Proyecto Nivel 2: ¡ Experimentos con el agua! . Ed. Anaya.	978-84-143-3772-1	Castolán	N
5º E.I.		Proyecto Nivel 2: ¡ Descubro el universo! . Ed. Anaya.	978-84-143-3754-7	Castolán	N
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL					
6º E.I.		Descubrimiento comunicativo y literario 5 años. Ed. Espiral.	978-84-307-0356-2	Castolán	N
6º E.I.		Matemáticas 5 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 6. Ed. SM.	978-84-105-5021-6	Castolán	N
6º E.I.		Matemáticas 5 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 7. Ed. SM.	978-84-105-5022-3	Castolán	N
6º E.I.		Matemáticas 5 años. Cuenta con Gus. Cuaderno 8. Ed. SM.	978-84-105-5023-0	Castolán	N
6º E.I.		Proyecto Nivel 3: ¡ Cuántas emociones! . Ed. Anaya.	978-84-143-3737-0	Castolán	N
6º E.I.		Proyecto Nivel 3: ¡ Experimentos con el agua! . Ed. Anaya.	978-84-143-3773-8	Castolán	N
6º E.I.		Proyecto Nivel 3: ¡ Descubro el universo! . Ed. Anaya.	978-84-143-3755-4	Castolán	N
1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
1º	Inglés	Kids can! 1 Essential AB ePk. Ed. Macmillan E.L.T.	978-1-380-07338-9	Inglés	S
1º	Inglés	Kids can! 1 Pb&ExtraFun ePk. Ed. Macmillan E.L.T.	978-1-380-05166-0	Inglés	S
1º	Matemáticas	Matemáticas 1. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-84-6807131-2	Castolán	S
1º	Matemáticas	Caderno 1º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-84-6807126-8	Castolán	S
1º	Matemáticas	Caderno 2º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-84-6807133-6	Castolán	S
1º	Matemáticas	Caderno 3º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-846807117-6	Castolán	S
1º	L. Castelá	Escribas. Caderno de escritura. Proxecto Zoom. Vicens Vives	978-84-68255627-6	Castolán	S
1º	Lectura	O libro feliz. Ed. Anaya	978-84-698-8106-4	L. Galega	S
1º	Lectura	Lecturas 1. La galaxia de las letras. Ed. SM	978-84-675-5478-6	Castolán	S
1º	L. Castelá	Caderno 1º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-84-144-0798-1	Castolán	S
1º	L. Castelá	Caderno 2º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-84-144-0797-4	Castolán	S
1º	L. Castelá	Caderno 3º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana.	978-84-144-0793-6	Castolán	S

2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
2º	Inglés	Kids can! 2 Essential AB aPk. Ed. Macmillan E.L.T.	978-1-380-07340-2	Inglés	S
2º	Inglés	Kids can! 2 Pb&ExtraFun aPk. Ed. Macmillan E.L.T.	978-1-380-05179-0	Inglés	S
2º	Matemáticas	Matemáticas 2. Primaria. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana	978-841440763-9	Castelán	S
2º	Matemáticas	Caderno de matemáticas 4. Rastas con levadas. Ed. Bruño	978-842165671-6	Castelán	S
2º	L. Castelá	L. Castelá. Proxecto Construíndo mundos. Ed. Santillana	978-841440762-2	Castelán	S
2º	Matemáticas	Caderno Problemas combinados de sumar e restar. Ed. Bruño	978-84-216-5682-2	Galago	S
2º	Lecturas	O lobo con botas. O Hamacocéfalo. Ed. Xerais.	978-84-9121389-5	Galago	N
2º	Lecturas	Milhojas 2 Antoloxía. Ed. Anaya	978-84-678-7510-2	Castelán	N
2º	L. Galago	Caderno 1º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana	978-84-9185699-3	Galago	S
2º	L. Galago	Caderno 2º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana	978-84-9185695-5	Galago	S
2º	L. Galago	Caderno 3º Trim. Proxecto construíndo mundos. Ed. Santillana	978-84-9185689-4	Galago	S
3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
3º	L. Castelá	Comunidade ZOOM Lengua Castellana 3 Trim. Ed. Vicens Vives	978-84-682-8394-4	Castelán	S
3º	L. Castelá	Comprensión lectora. Estratexias e produción escrita. Abrapalabra. Ed. Voca	978-84-120987-6-1	Castelán	N
3º	Lingua	Comunidade ZOOM Lingua Galago 3 Trim. Ed. Vicens Vives.	978-84-682-8319-7	L. Galago	S
3º	Matemáticas	Comunidade ZOOM Matemáticas 3 Trim. Ed. Vicens Vives	978-84-682-8283-1	Castelán	S
3º	Lectura	O pirata Ataripa. Paco Barreiro. Obradoiro Santillana	978-84-16834-29-7	L. Galago	N
3º	Lectura	Fornigas. Misión Rosalía. Ed. Xerais	978-84-1110-043-4	L. Galago	N
3º	Lectura	A sañorita Bubbles. Ed. Xerais	978-84-912-1793-0	Galago	N
3º	Inglés	Go far! 3 Activity pack	978-84-668-3663-0	Inglés	S
4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
4º	Lectura	Eu tamén fun pequena. Ed. Xerais	978-84-11110-407-4	Galago	N
4º	Lectura	Os peidos máxicos do Sultán. Ed. Xerais	978-84-1110-536-1	Galago	N
4º	Lectura	As peripecias de Extravaganza Pérez. Ed. Xerais	978-84-912-1312-3	Galago	N
4º	Lingua	Comunidade ZOOM Lingua Galago e Literatura 3 Trim. Ed. Vicens Vives	978-84-682-9288-5	Galago	S
4º	Matemáticas	Comunidade ZOOM Matemáticas 4 3 Trim. Ed. Vicens Vives	978-84-682-9185-7	Castelán	S
4º	Inglés	Go far! 4 Activity pack	978-84-668-3664-7	Inglés	N
5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
5º		Alumnado no Proxecto E-dixGal			
5º	L. Galago	L. Galago. Ed. Vicens Vives	978-84-682-8320-3	Galago	S
5º	L. Castelá	L. Castellana Ed. Vicens Vives	978-84-682-8395-1	Castelán	S
5º	L. Galago	Ciencias Sociais. Ed. Vicens Vives	978-84-682-8511-5	Galago	N
5º	L. Galago	Ciencias Naturais. Ed. Vicens Vives	978-84-682-8510-8	Galago	N
5º	L. Castelá	Matemáticas. Ed. Vicens Vives	978-84682-8284-8	Castelán	S
5º	Inglés	Go far! 5 Activity pack	978-84-668-3657-9	Inglés	N
6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
6º		Alumnado no Proxecto E-dixGal			
6º	L. Galago	Lingua Galago. Ed. Vicens Vives.	978-84-682-9289-2	Galago	S
6º	L. Castelá	Lingua Castelá. Ed. Vicens Vives	978-84-682-9195-6	Castelán	S
6º	L. Galago	Ciencias Sociais. Ed. Vicens Vives	978-84-682-9254-0	Galago	N
6º	L. Galago	Ciencias Naturais. Ed. Vicens Vives	978-84-682-9251-9	Galago	N
6º	L. Castelá	Matemáticas. Ed. Vicens Vives	978-84-682-9186-4	Castelán	S
6º	Inglés	Go far! 6 Activity pack	978-84-668-3666-1	Inglés	N

* PGLT: Programa de gratuidade de libros de texto.
A expresión "SI" nesta columna indica que está incluído no citado programa.

Sanxenxo, 17 de xuño de 2025
O Director



Asdo.: Pedro Alberto Padín Solla



**ESTE PROXECTO LINGÜÍSTICO FOI REVISADO E APROBADO POLO
CONSELLO ESCOLAR CON DATA DE 29 DE XUÑO DE 2025**